



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 7

IX lexislatura

Serie Deputación Permanente

Sesión da Deputación Permanente 26 de xaneiro de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitudes de convocatoria dun pleno extraordinario

1.1 Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente do Goberno galego para que explique a situación de crise do sector lácteo (doc. núm. 31835)

1.2 Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego en Galicia (doc. núm. 31836)

1.3 Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se

proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Sanidade para dar conta do colapso dos servizos de urxencia dos hospitais galegos, así como dar a coñecer as medidas que se prevén poñer en marcha para afrontar a curación das persoas enfermas da hepatitis C (doc. núm. 31837)

1.4 Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas para explicar a posición do Goberno galego diante da desvantaxe competitiva polo prezo dos combustibles en Galicia, así como as trabas para a devolución do devandito tributo aos transportistas profesionais (doc. núm. 31838)

1.5 Solicitude dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar da situación de colapso nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos de Galicia e das medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia (doc. núm. 32039)

Ábrese a sesión ás dez e trinta e dous minutos da mañá.

A señora presidenta solicítalle á señora secretaria (Soneira Tajés) que proceda á comprobación de quórum. (Páx. 5.)

A señora secretaria (Soneira Tajés) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. (Páx. 5.)

A señora secretaria (Soneira Tajés) comunícalle á señora presidenta a existencia de quórum. (Páx. 5.)

A señora presidenta explica a ordenación do debate do punto único da orde do día. Das cinco solicitudes das que consta a orde do día, debateranse de forma conxunta as catro primeiras, correspondentes ao G.P. dos Socialistas de Galicia, e a continuación debaterase por separado a solicitude dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 5.)

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do Goberno galego, para que explique a situación de crise do sector lácteo. (Punto único da orde do día)

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia, para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego en Galicia. (Punto único da orde do día)

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Sanidade, para dar conta do colapso dos servizos de Urgencia dos hospitais galegos, así como dar a coñecer as medidas que se prevén poñer en marcha para afrontar a curación das persoas enfermas da hepatitis C. (Punto único da orde do día)

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, para explicar a posición do Goberno galego diante da desvantaxe competitiva polo prezo dos combustibles en Galicia, así como as trabas para a devolución do devandito tributo aos transportistas profesionais. (Punto único da orde do día)

Intervención do grupo propoñente: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 6.)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Martínez García (M) (Páx. 8.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 9.), Sra. Díaz Pérez (AGE) (Páx. 11.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 13.)

Rolda de peche do grupo propoñente: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 16.)

Solicitud dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar da situación de colapso nos servizos de Urgencias dos centros hospitalarios públicos de Galicia e das medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención dos grupos propoñentes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 17.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 18.)*

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M) (Páx. 19.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 20.) e Sr. Santalices Vieira (P). (Páx. 21.)*

Rolda de peche dos grupos propoñentes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 24.) e Sra. Díaz Pérez (AGE). (Páx. 24.)*

Votación das solicitudes contidas na orde do día

Votación das solicitudes:

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do Goberno galego, para que explique a situación de crise do sector lácteo.

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia, para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego en Galicia.

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, para explicar a posición do Goberno galego diante da desvantaxe competitiva polo prezo dos combustibles en Galicia, así como as trabas para a devolución do devandito tributo aos transportistas profesionais: *rexeitadas por 10 votos a favor, 11 en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)*

Votación da solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Sanidade, para dar conta do colapso dos servizos de Urgencia dos hospitais galegos, así como dar a coñecer as medidas que se prevén poñer en marcha para afrontar a curación das persoas enfermas da hepatitis C: *aprobada por 21 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)*

Votación da solicitude, dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar da situación de colapso nos servizos de Urgencias dos centros hospitalarios públicos de Galicia e das medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia: *rexeitada por 10 votos a favor, 11 en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)*

Remata a sesión ás doce e dezaioito minutos da mañá.

Ábrese a sesión ás dez e trinta e dous minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Moi bos días a todos e a todas.

Benvidos a esta sesión da Deputación Permanente do día 26 de xaneiro do 2015.

Abrimos a sesión e a secretaria, señora Soneira Tajés, por favor, que proceda á comprobación de asistencias.

A señora SECRETARIA (Soneira Tajés): Si, señora presidenta.

José Manuel Balseiro Orol (substituído por Isabel García Pacín).

Xosé Manuel Beiras Torrado (substituído por Antón Sánchez García).

María Concepción Burgo López (substituído por Manuel Vázquez Fernández).

Jaime Castiñeira Broz (substituído por Carmen Pardo López).

Yolanda Díaz Pérez: Si.

María Carmen Gallego Calvar: Si.

Juan Carlos González Santín: Si.

Francisco Xesús Jorquera Caselas: Si.

María Consuelo Martínez García: Si.

José Luis Méndez Romeu: Si.

Alberto Núñez Feijóo (substituído por Agustín Baamonde Díaz).

Ana Belén Pontón Mondelo: Si.

Paula Prado del Río: Si.

Pedro Puy Fraga: Si.

Marta Rodríguez Arias: Si.

Román Rodríguez González: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (substituído por José Santiago Freire Abeijón).

Miguel Ángel Tellado Filgueira: Si.

Jesús Vázquez Abad (substituído por Cristina Romero Fernández).

E estamos presente a Mesa e hai quórum, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Comezamos, pois, o desenvolvemento da orde do día, que, como vostedes saben, consta dun punto único.

A señora PRESIDENTA: En primeiro lugar, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documentos números 31835, 31836, 31837 e 31838. E unha solicitude conxunta dos grupos parlamentarios de Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, documento número 32039.

A ordenación do debate é a seguinte:

Faremos un debate acumulado das catro iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista e un debate á parte da iniciativa conxunta dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego.

Ambos os dous debates terán os tempos que son habituais nesta Deputación: unha rolda para os grupos propoñentes por un tempo de dez minutos; unha rolda de posicionamento polo mesmo tempo; e os grupos propoñentes terán, ademais, unha rolda de peche por un tempo de cinco minutos.

E, por último, procederase á votación das solicitudes de xeito conxunto ou separado, pero pareceume máis adecuado facelo de xeito separado.

Polo tanto, se lles parece, comezariamos co primeiro dos debates, que son as solicitudes de convocatoria dun pleno extraordinario por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. E a primeira para comparecencia do Goberno galego, para explicar a situación da crise do sector lácteo; para a comparecencia do presidente da Xunta, para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego; tamén solicitan un pleno para a comparecencia da conselleira de Sanidade; e solicitan un pleno para a comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas.

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do Goberno galego, para que explique a situación de crise do sector lácteo

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da

Xunta de Galicia, para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego en Galicia

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Sanidade, para dar conta do colapso dos servizos de Urgencia dos hospitais galegos, así como dar a coñecer as medidas que se prevén poñer en marcha para afrontar a curación das persoas enfermas da hepatitis C

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, para explicar a posición do Goberno galego diante da desvantaxe competitiva polo prezo dos combustibles en Galicia, así como as trabas para a devolución do devandito tributo aos transportistas profesionais

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, ten a palabra, en primeiro lugar, como grupo propoñente, o Grupo Parlamentario Socialista, don José Luis Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta, señorías, é xa un tópico falar neste Parlamento do noxo que sente o presidente da Xunta pola Cámara lexislativa. Noxo que se traduce no menosprezo sistemático e, sobre todo, na fuxida diante da responsabilidade política de comparecer na Cámara como representación dos cidadáns para someter a debate, para someter a controversia as súas políticas, as súas iniciativas.

No día de hoxe o Goberno leva corenta días sen responder nesta Cámara, e non está previsto que o faga ata dentro doutros quince días. Case que dous meses nos que o Goberno foxe de calquera explicación arredor dos problemas do país. Mesmo se permite a licenza, que debería de ser alcumada con palabras moi fortes, de filtrar nun medio que vai tentar corrixir as vacacións parlamentarias. Vacacións do Goberno, vacacións do Executivo e vacacións da súa responsabilidade, non, dende logo, dos grupos da oposición, que temos que acudir aos resquicios do Regulamento como é este debate para tentar poñer de

manifesto que hai problemas dabondo que xustificarian non un pleno extraordinario, senón varios ao longo do mes que nos ocupa.

Iso si, mañá teremos aquí o señor presidente, non para falar dos problemas que afectan os cidadáns, senón exclusivamente para escenificar, dentro deste período preelectoral, algúns dos problemas que lle preocupan, sen que previamente exista, por suposto, ningún tipo de documento ou proposta sobre a que se poida debater sistematicamente. Así, paseniñamente, o Parlamento fica convertido no muro das lamentacións da sociedade galega e non como espello das arelas que preocupan aos cidadáns.

Propoñemos hoxe catro asuntos que xustifican cada un deles un pleno e a comparecencia do Goberno; poderíamos propoñer moitos máis. Témonos limitado por economía de esforzos aos catro que están máis presentes na opinión pública e, sobre todo, na opinión publicada ao longo das últimas semanas. Catro problemas que por si mesmos evidencian o tipo de problemas que sofren os cidadáns, as ansias que existen para resolvelos e tamén a falta de resposta das políticas da Xunta.

En primeiro lugar, a crise sanitaria. A crise sanitaria non ocorre porque si, nin sequera porque se teña producido como acontece inexorablemente todos os invernos unha epidemia de gripe. É a consecuencia directa de catro anos de recorte sistemático das plantillas de profesionais, de catro anos de deterioración das condicións asistenciais, de catro anos de redución dos orzamentos en sanidade. Polo tanto, basta unha simple epidemia de gripe para que colapse o sistema sanitario.

Iso si, a señora conselleira, sempre tan celosa, sempre tan preocupada de que non se escape nin unha oportunidade de privatizar un novo servizo público da sanidade ou de estar atenta mesmo a intereses de carácter nepotístico, neste caso permanece indiferente diante do sufrimento dos cidadáns que abarrotan, que enchen os hospitais, e non só as salas de consulta, senón mesmo os lugares de espera, os pasillos, etc., poñendo de manifesto ata que punto se deteriorou a situación clínica.

E falo da gripe, e podería falar da situación da hepatitis C, onde o Goberno actúa con notoria indiferenza logo de ter fuxido aquí no último debate de ofrecer unha explicación

clara. Estamos diante dun Goberno que non comparte o sufrimento das persoas. E podería engadir a situación tamén destas últimas semanas, nas que as farmacias informan de que cada vez un número maior de doentes non retiran os seus medicamentos polas dificultades económicas derivadas do novo modelo de pagamento. Estamos convencidos de que se a gripe non era importante para a señora conselleira, debater da situación política da sanidade que ocasiona esa crise sanitaria, probablemente, non vai ser aceptado hoxe polo grupo maioritario.

Propoñemos un segundo tema que afecta todas as economías dos galegos e galegas: o prezo dos combustibles. Porque aquí estamos de novo diante de promesas incumpridas do grupo maioritario, promesas incumpridas na Administración do Estado, promesas incumpridas na Administración galega. Os cidadáns galegos están a pagar os combustibles máis caros que as comunidades do arredor, e os profesionais do transporte aínda non cobraron o que foi denunciado e sentenciado polo Tribunal de Estrasburgo e recoñecido *in extremis* polo Ministerio de Facenda o pasado mes de decembro: a devolución do céntimo sanitario, que grava de xeito desigual aos transportistas de Galicia.

E como sempre no medio do desprezo máis absoluto do Goberno. Hai quince meses que o sector do transporte vén demandando unha entrevista co señor presidente da Xunta e este, que está sempre tan dispoñible para facer bolos polos platós de media España, non atopa un instante na súa axenda para poder atender as lexítimas demandas dun sector importante na economía galega. Sempre o señor Feijóo prefire a mesa dos poderosos, a compañía dos fortes que non a atención ás persoas, e menos ás persoas con problemas. Pero é que nin sequera, señora conselleira de Medio Ambiente, tivo un minuto na súa axenda para recibir o sector. É que nin sequera o consello galego especializado no sector foi convocado para dar conta desta situación.

E asistimos agora á situación paradoxal de que son as grandes empresas do transporte as que están a conseguir a devolución do céntimo sanitario, mentres que as pequenas empresas, que son a inmensa maioría das que existen en Galicia, non están a percibir esas cantidades, porque a Axencia Tributaria de xeito torticeiro está reclamando determinada documentación da que xa ten coñecemento.

E todo isto non é calquera cousa. Soamente a devolución do céntimo sanitario aos transportistas galegos implica 800 millóns de euros, que gravan moi negativamente as economías desas pequenas empresas.

Plantexamos un plan extraordinario para falar da crise do sector lácteo, da que desgraciadamente vimos avisando dende hai meses, coa total indiferenza da señora conselleira de Medio Rural e, dende logo, coa total inoperancia do ministerio correspondente.

De novo, os produtores de leite en Galicia son os que teñen nestes momentos os prezos máis baixos de Europa, consecuencia da deixadez do Goberno. Os mecanismos que estaban a disposición, e que outros países aproveitaron durante os últimos anos para evitar a crise derivada da desaparición da cota láctea, en Galicia non están desenvolto, o desenvolvemento do chamado “paquete lácteo”. Quedan tres meses para a desaparición da cota e o ministerio, que se equivocou no decreto que publicou hai seis meses, como tivemos que denunciar as organizacións de produtores, pero tamén a oposición, non foi quen aínda de modificar ese decreto, a pesar de que é unánime o recoñecemento do seu fracaso.

Seguimos sen saber no día de hoxe a posición do Goberno galego, que é o que quere, que é o que lle está a plantexar ao Ministerio de Agricultura, que tipo de negociación está a plantexar para evitar a catástrofe que se aveciña en forma de multa e de supresión de produción para tantos gandeiros galegos. E o problema –hai que lembralo unha vez máis– afecta de xeito especial a Galicia, por ser precisamente o primeiro produtor de leite no Estado, e, sen embargo, a Xunta de Galicia, a señora conselleira, con olímpico desdén, pasa de atender a esta solución.

Teño que lembrar, e teno dito o noso portavoz infinidade de veces, que as explotacións seguen sen contratos, que os que hai non se cumpren, que non hai negociación de prezos e que os gandeiros se ven abocados a asinar o que a industria lles pon diante baixo a ameaza de que non será recollido o seu produto. Non está garantida nin esa recollida da produción actual, e estamos nunha situación que no momento actual é deficitaria en canto a custos.

E diante de todo isto o señor presidente da Xunta de Galicia aínda non expresou nin unha opinión, como se o sec-

tor lácteo galego fora irrelevante na economía do sector primario de Galicia.

E, finalmente, plantexamos –e xa non teño tempo para incidir nisto, pero tamén é un tema dabondo discutido– a necesidade de que compareza o presidente da Xunta para dar unha explicación sobre a situación do mercado do traballo, onde a semana pasada os últimos datos da EPA volvían poñer de manifesto o fracaso, –mellor dito– a ausencia de calquera política de creación de emprego ou calquera política industrial que merece ese nome.

E remato cun dato, señorías, pois a EPA acaba de poñer de manifesto algo terrible: no que vai de lexislatura en Galicia creáronse exclusivamente 200 novos postos de traballo cando temos 260.000 parados. É un dato abondo elocuente. Agardo unha resposta clara por parte da maioría.

Máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Pola nosa parte, apoiar as solicitudes de pleno extraordinario para todos os temas que se tratan, pola súa importancia.

Eu vou empezar falando sobre todo por que creo que é fundamental a comparecencia para falar do desemprego. Non é só un problema de desemprego, como dicía agora o voceiro do Partido Socialista, porque non é só o número de desempregados, é tamén o número de galegos e galegas entre 15 e 40 anos que marcharon deste país e que seguen marchando para poder buscar un posto de traballo. E tamén é importantísima esa creación de emprego minúscula, pero que a pesar e aínda por riba de ser minúscula é precaria. Unhas condicións de traballo precarias: contratos a tempo parcial, salarios de miseria e, como xa temos falado neste Parlamento máis dunha vez, por primeira vez na historia hai traballadores e traballadoras a xornada completa que teñen que ir comer aos comedores sociais e que teñen que pedir

roupa aos bancos de roupa ou alimentos aos bancos de alimentos; familias e persoas que traballando a xornada completa son incapaces de facer fronte ao pago da enerxía que necesitan nas súas casas e, polo tanto, para levar unha vida minimamente decente.

Polo tanto, parécenos importantísimo que o presidente da Xunta se presente e dea explicacións, unha, da falta de creación de emprego neste país e, outra, da calidade dese emprego que se está creando, sobre todo despois de que o escoitamos aplaudir a dobre escala salarial, por exemplo, en Citroën, que empobrece aínda máis a xente máis nova. Contratos a tempo parcial e con menor salario que as persoas antigas, iso é o que lles está ofrecendo a Xunta de Galicia aos nosos mozos e mozas.

Tamén é importante a precariedade no transporte, non só o tema do céntimo sanitario, que si se lles devolve ás grandes empresas, e sabemos que ademais cun impulso da propia Xunta de Galiza. Pero aquí falamos dos autónomos, dos falsos autónomos do transporte, traballadores hipereplotados que realmente deberían estar en nómina das empresas, que son contratados como autónomos e que teñen moito máis difícil conseguir a devolución do céntimo sanitario e defender os seus intereses, posto que igual que ocorre no sector lácteo son as grandes multinacionais as que establecen e marcan cales van ser as condicións da prestación deses servizos. Vemos que en todos os sectores, tanto no sector lácteo como no sector do transporte, como na propia industria, o papel que está a desempeñar o Goberno de Galiza é unha aposta e un apoio sen condicións ás grandes multinacionais e un abandono extremo das clases populares e das clases traballadoras.

En canto ao tema sanitario, non soamente ao tema das Urgencias sanitarias e ao seu colapso, que é evidente que non se pode xustificar con algo que ocorre todos os anos, que é predicible, que se sabe en que etapas aparece, que ten un desenrolo e será nun momento determinado en función de determinadas condicións climatolóxicas, e está máis que estudado, non se pode xustificar con iso un colapso nas Urgencias hospitalarias. O colapso vén –como ben dicía o voceiro socialista– de catro anos de recortes, de catro anos de non reposición do persoal, de xubilar os médicos aos 65 anos sen dar continuidade nin substituír esas prazas. Polo tanto, estase provocando realmente, e non é unha equivocación. O tremendo de todo isto non é que a Xunta se equivo-

que, non é que teñamos un Goberno que non saiba gobernar, o problema é que a decisión do Goberno é privatizar a sanidade, e deixar unha sanidade pública de mera case caridade para atender a xente que non ten posibilidades de pagar unha sanidade de calidade. E a deterioración da sanidade pública polo tanto é evidente.

Pero non soamente iso, senón que, ademais, a deterioración leva a tal extremo que se está concertando atención sanitaria con hospitais privados a cambio de nada, sen inspeccionar, sen exixir unha garantía mínima, sen exixir que se cumpran os prazos. Por exemplo, temos aí o gran negocio que ten o Hospital Povisa, que aínda por riba agora bota en cara que a Xunta se está aproveitando do hospital e que ten que seguir despedindo traballadores e empeorando as condicións laborais, porque o concerto da Xunta, co Sergas e de Povisa, é unha ruína para o hospital.

Polo tanto, unha política dirixida única e exclusivamente a que as grandes multinacionais sigan aumentando os seus beneficios e a facer máis difícil a vida diaria dos galegos e das galegas. Por iso parécenos imprescindible que o presidente da Xunta compareza e dea explicacións sobre a situación social e económica do noso país.

E realmente pola miña parte, e xa para rematar, dicir que o que vai ocorrer mañá é unha auténtica tomadura de pelo para os galegos e as galegas, unha sesión de publicidade e propaganda do Partido Popular e do señor presidente, onde non se dá opción á oposición a debater realmente todos estes problemas que son os problemas reais do país, os problemas que preocupan aos galegos e ás galegas. E, desde logo, esa farsa é unha auténtica vergonza e debería sacarlle as cores ao Goberno.

Dez minutos de intervención da oposición e propaganda sen máis da Xunta de Galicia, sen posibilidade de presentar nin resolucións nin proposicións que axuden a ese impulso democrático, que debería empezar pola transparencia e por que o señor Feijóo explicara desde a súa amizade con Marcial Dorado ata outros moitos temas que están ocorrendo, xa non digo no Estado pero si noso noso país, en Galicia, de corrupción do Partido Popular e de malversación de fondos públicos por parte de membros do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

Ten a palabra a continuación polo Bloque Nacionalista Galego o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas señora, presidenta.

Señoras e señores deputados, o pasado ano a Deputación Permanente reuniuse o día 23 de xaneiro, hoxe faino o 26, ao ritmo que imos o próximo ano reunirse en febreiro para decidir se se convoca pleno extraordinario en xaneiro.

Pero, bueno, feito este comentario, adianto que o Grupo Parlamentario do BNG vai apoiar as solicitudes formuladas polo Grupo Socialista. Subscribimos os argumentos dados polo seu voceiro señor Méndez Romeu e tamén pola voceira do Grupo Mixto no relativo á crise sanitaria, pero dado que imos abordar esta cuestión de novo no segundo punto desta Deputación Permanente, voume centrar nesta intervención no resto das cuestións plantexadas polo Grupo Socialista, comezando polo problema do desemprego.

Dende o noso punto de vista a situación non pode ser máis alarmante, os datos da EPA son total e absolutamente demoledores, e desmenten rotundamente o discurso tan manido do Goberno da Xunta de que Galiza vai mellor que o conxunto do Estado. Tanto se examinamos a evolución do paro como a evolución da ocupación, como a evolución da poboación activa, Galiza sae moito peor parada non só no cuarto trimestre, tamén no total anual. Mentres no Estado empeza a crearse emprego, en Galiza 2014 pechouse de novo con destrución de emprego neto. A diferenza do que ocorre no Estado nin sequera o emprego precario permite que en Galiza se poidan maquillar as cifras. E ademais aos datos da EPA súmanse outros indicadores non menos negativos: a caída da produción industrial ou a quebra demográfica que indica o último padrón municipal. Galiza perdeu nun ano máis de 17.000 residentes e nada máis e nada menos que 27.000 residentes de entre 15 e 34 anos. E iso que segundo a Xunta de Galiza é falso que en Galiza teñamos un problema de emigración xuvenil.

Agora ben, teño que dicir con toda sinceridade que, aínda que vaiamos apoiar esta solicitude, discrepamos dos termos nos que o Grupo Socialista formula esta solicitude. Solicita a comparecencia do presidente da Xunta para explicar a ausencia de respostas ao problema de desemprego, e

con toda sinceridade temos que dicir que isto non é certo. Respostas, habelas, hainas. Permítanme que lles lea a última: “Advertimos que persoas que non estaban no paro se apuntaron ao paro no mes de decembro, entre outras cousas, porque vai haber unha serie de axudas por parte do Goberno central para parados sen prestacións”. Esa foi a resposta que deu o señor Feijóo á suba do paro rexistrado no mes de decembro. Debe de ser que estas axudas do Goberno central só benefician aos parados galegos, porque se non non se entende por que foi Galiza a comunidade onde máis subiu o paro rexistrado.

Pero miren, señores do Partido Socialista, hai máis respostas: maio de 2014, “Feijóo desdénha a EPA e cuestiona que parte das persoas sen traballo queiran atopalo”. “Feijóo” –insisto– “cuestiona a EPA”, que situaba a Galiza a piques de superar os 300.000 parados, e esgrime como dato fiábel “o paro rexistrado”. Aínda que teño que recoñecer que non entendo ben esta resposta que deu no seu momento o señor Feijóo, porque se agora di que o paro subiu en decembro porque hai xente que se rexistra polas axudas, iso quere dicir –creo eu– que había xente que non estaba rexistrada pero si que estaba parada. Ese mesmo mes de maio deixounos outra perla: “É difícil atopar un traballo se non amosas interese en conseguilo”.

Polo tanto, señores do Grupo Socialista, –insisto– si que deu resposta. O problema segundo el é que hai xente que non ten interese en atopar traballo, e así poderíamos seguir. Por exemplo, se nos retrotraemos a febreiro de 2011 o señor Feijóo dixo: “*No tengo casi competencias para luchar contra el paro*”. Non sei se o que quixo dicir realmente é que non tiña competencia para loitar contra o paro, porque se o problema é que non ten competencias, non sei por que non reclamou ningunha.

Polo tanto, respostas, habelas, hainas, pero a situación por desgraza é dramática e non é para tomala a broma. En múltiples ocasións temos denunciado que as políticas que se están practicando están abocando a Galicia a converterse nun deserto económico e poboacional, e por desgraza os datos estannos dando a razón. Creamos, polo tanto, que hai razóns dabondo para que se produza esta comparecencia urxente do presidente da Xunta.

Tamén hai razóns urxentes para que compareza a conselleira para explicar a desvantaxe competitiva polo prezo do

combustíbel en Galiza. Está habendo unha forte baixada dos prezos do petróleo, pero esta baixada ten repercusión no consumidor en moita menor medida, e sobre todo en Galiza. Mentres en boa parte das estacións de servizo de España, por poñer un exemplo, recentemente o prezo do gasóleo baixaba da barreira simbólica do euro, en Galiza as estacións de servizo onde isto ocorría poderían contarse cos dedos dunha man.

E miren, señores do Grupo Popular: o BNG defende con insistencia a necesidade de establecer unha tarifa eléctrica galega; defendémolo neste Parlamento en distintas ocasións. Unha tarifa que permita que Galiza poida extraer beneficios da súa especialización na xeración de electricidade abaratan-do a tarifa para as familias e as empresas. E a contestación do Goberno galego foi que é un aturrullo defender unha tarifa para Galiza, outra para La Rioja e outra para Madrid. A contestación do Goberno galego foi que esta reclamación atenta contra a unidade do mercado. Porén, en Galiza temos unha refinería, pagamos máis polos carburantes, pero isto parece que en cambio non atenta contra a unidade do mercado.

O Consello Galego da Competencia sinalou que Galiza é a comunidade peninsular co prezo máis alto por litro de gasóleo. E segundo un estudo do propio Ministerio de Industria de agosto de 2014, das cincuenta gasolineiras máis caras do Estado para repostar diésel, corenta e catro nada menos que están en Galiza. Polo tanto, consideramos tamén necesario que o Goberno galego explique a súa posición e aclare se vai adoptar algunha medida. De feito, o Grupo Parlamentario do BNG rexistrou este mesmo mes distintas iniciativas sobre esta cuestión.

E, por último, cremos que o Goberno galego debe de comparecer tamén para explicar a situación de crise do sector leiteiro. Finalmente parece, afortunadamente, que non vai haber un problema de sobreprodución, pero a xestión nefasta que fixo o Ministerio e a propia Xunta de Galiza, creando a expectativa de que á fin de ano podía haber un exceso de cota coas sancións correspondentes, provocou un grave prexuízo ao sector produtor. Houbo gandeiros que sacrificaron ou secaron vacas; houbo gandeiros que tiveron que se endebedar aínda máis para mercar cota, precisamente cando o 1 de abril remata o sistema de cotas; houbo empresas que practicaron retencións aos produtores ou que lles exixiron avais. Polo tanto, é necesario exixir responsabilidades por esta xestión tan nefasta.

Pero, sobre todo, preocupánnos as consecuencias para o sector do chamado ‘paquete lácteo’, onde o Goberno central se está posicionando de xeito descarado a favor dos intereses da industria, coa calada por resposta por parte do Goberno galego. No borrador do novo decreto non se establece como obrigatoria a figura do mediador en caso de diferenzas entre as empresas e os produtores, non se establece ningún mecanismo real para que exista unha negociación real de prezos e se asegure un prezo digno ao produtor que asegure a cobertura dos custos de produción, non se contempla un réxime sancionador efectivo, segue deixándose a porta aberta a que os contratos poidan durar menos de doce meses se hai acordo para isto entre as dúas partes; algo que na práctica se ten transformado nunha ferramenta de presión das empresas que condicionan a sinatura de contratos para que os gandeiros se acollan a este sistema. A consecuencia é que, por exemplo, mentres en Francia se asinan contratos de duración de até cinco anos, no conxunto do Estado a duración media é de menos de seis meses, e no 87 % dos contratos a duración é inferior aos doce meses de referencia que establece a normativa. Preocúpanos, por tanto, o impacto desa situación nun contexto de incertidume, como o provocado polo final do sistema de cotas.

E quero lembrar que estamos a falar dun sector estratégico para o mantemento do noso medio rural, un sector onde as competencias están radicadas en Galicia, e aínda non coñecemos a posición do Goberno galego e que cuestións se está plantexando o Goberno galego na mesa. O Goberno galego parece que está actuando neste tema como un simple espectador.

Por tanto, tamén consideramos que hai razóns o suficientemente importantes e de urxencia para que se produza esta comparecencia e, por tanto, reitero de novo en nome do Grupo Parlamentario do BNG o noso apoio a estas solicitudes.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Gustárame comezar esta Deputación Permanente pois saudando, sen lugar a dúbidas, o éxito da coalición Syriza obtido no día de onte en Grecia, por non ser menor e seguramente por enmarcar o debate que hoxe temos aquí en temas de relevancia no noso país e, sobre todo, en temas de relevancia porque teñen que ver co modelo da austeridade que se está a construír por parte do Partido Popular e da dereita económica, que coincide substancialmente no modelo da Unión Europea que se está a construír. Por tanto, ese saúdo para Grecia e para Syriza.

Pero tamén, señora presidenta, facer unha primeira crítica. Semella que se fomos quen de render contas ou de contabilizar a importancia que teñen as temáticas que hoxe interesan aquí, en primeiro lugar, ao Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia e despois aos grupos do BNG e da Alternativa Galega de Esquerda, se o mediramos polo tempo que lle dedicamos, señora presidenta, seguramente a conclusión é que ao Partido Popular lle importa bastante pouco o que está a pasar no noso país. É inconcibible que este debate sexa acumulado, e sexa acumulado –insisto– nunhas temáticas profundas para dirimir en tan só dez minutos de tempo, que volvo dicir que claman ao ceo ou revelan que teñen escaso interese polo que está a pasar en Galicia. Certamente case non hai tempo para poder tratar estas temáticas con rigor, pero si que dá como certa tristura ver que xa nin sequera as formas se manteñen. Hoxe é día 26 de xaneiro, tanto que se clamou sobre as vacacións parlamentarias de xaneiro, bueno, pois pouco menos que isto é unha posta en escena para dicirnos que a finais de mes vostedes se acordan que temos instadas distintas comparecencias e solicitudes de pleno –insisto– por temáticas graves do noso país.

Vou centrarme no que interesa ao Partido Socialista de comparecencias para pleno nas súas peticións, adiantándolle ao señor Méndez que, por suposto, imos votar a favor das mesmas, sobre todo porque si que estamos diante dunha situación que podemos alcular sen lugar a dúbidas de “emerxencia social”. Emerxencia social, en primeiro lugar, cando falamos da crise sanitaria que está vivindo o noso país e que está vivindo tamén o conxunto do Estado; unha crise sanitaria que é consecuencia das políticas que rubrica o Partido Popular.

Vou soamente nesta ocasión falar do que ten que ver coa hepatitis C que pide o Partido Socialista, porque despois defenderemos o debate respecto do colapso das Urxencias. Pero si denunciar que esa política que está practicando o Partido Popular, que ten o marchamo ou a faciana dos intereses das grandes industrias farmacéuticas, deses grandes *lobbys*, que ademais agora mesmo xa por acción do novo ministro de Sanidade foron incorporados mesmo no propio Comité de Expertos do Ministerio, acarreado ademais por certo, e non teño tempo para desgranalo, que si todos e cada un dos membros que nomeou o señor Alonso, sen lugar a dúbidas, son altos representantes dos intereses farmacéuticos, dos laboratorios, que dende logo debería de estar non só preservando, senón combatendo alguén tan relevante como é un ministro de Sanidade.

Efectivamente, respecto da hepatitis C, dar algúns datos: o fondo de investimento Gilead –como saben– mercou outra empresa por nada máis e nada menos que 11.000 millóns de euros, que quere rendibilizar rapidamente a custa ou chantaxeando directamente, a través dos enfermos e das enfermas, dos doentes, as poboacións, a cidadanía; en definitiva, poñendo en xaque ao propio Ministerio de Sanidade e tamén á conselleira de Sanidade de Galicia, que non sabemos aínda que é o que vai facer, nin que ten pensado facer para paliar a situación que estamos vivindo. Dicar que este fondo de investimento –que é interesante sabelo– está composto de empresas tan relevantes e de tanto vencello coa sanidade como é a empresa Bankia, BBVA, Inditex ou mesmo Endesa, tan vencellado á sanidade como este mundo empresarial, o que, dende logo, revela o que está pasando cos intereses ou cos elementos fundamentais da cidadanía.

Efectivamente, compraron unha patente, que se trataba tan só dunha molécula, que non incorpora nada novo, e que exige da Consellería de Sanidade e exige do Ministerio de Sanidade solventar este problema forte respecto do que está pasando coa hepatitis C. ¿Por que razón? Bueno, pois efectivamente porque o prezo que se ten acomodado por parte do Ministerio de 25.000 euros por tratamento, a razón de 300 euros por cada pílula, dende logo, é indefendible, tendo en conta o prezo de custo de produción dese produto e tendo en conta –insisto– a chantaxe á que están sometendo ao Ministerio de Sanidade e a opacidade que hai respecto das conclusións que hai verbo deste medicamento.

Dende logo, sería conveniente que a conselleira de Sanidade nos explicitase que é o que ten pensado facer no noso país, que temos segundo os distintos datos que manexemos entre 400.000 e 900.000 persoas afectadas. Pero tamén sería relevante saber se o Partido Popular está disposto a que elementos substanciais que está pedindo a doutrina se cumpran. Elementos tal relevantes como, por exemplo, que teñamos coñecementos sobre a información dos resultados que ten este fondo de investimento sobre esa molécula; non son públicos, non sabemos se realmente estamos diante dun medicamento milagroso ou non, non sabemos o que está pasando. Mesmo eses protocolos dos que carecen a día de hoxe os facultativos e as facultativas para poderen dispensalos, como, a quen, en que medidas se lles van outorgar aos doentes este medicamento. E, por suposto tamén, pois a creación dun fondo económico e propio nas autonomías, no noso caso en Galicia, xustamente para sermos capaces de poder subministrar este medicamento. Pero tamén falar de cuestións relevantes que están recollidas na propia Organización Mundial da Saúde, que está instando, como xa fixo por certo a India, a que realmente cabe a expropiación da patente nestes casos que estamos a falar de emerxencias sanitarias.

Por tanto, é unha situación de gravidade extrema, que están pedindo e que xa está recollida polas propias asociacións de defensa da sanidade pública no noso país, e gustaríanos coñecer realmente que é o que ten pensado facer o Partido Popular para atallar a situación que están vivindo os doentes, as doentes, e sobre todo para paliar a chantaxe á que nos están sometendo.

No que ten que ver respecto da segunda temática que pide o PSdeG-PSOE, no que atinxe ás peticións de comparecencia, pois é nada máis e nada menos ese falso relato construído do Partido Popular sobre que as cifras de desemprego, da taxa de paro ou mesmo a situación sociolaboral en Galicia é mellor que a do conxunto do Estado. Isto sabemos, e vímolos dicindo, que non é así. A media de crecemento de paro con relación á media estatal dispárase en Galicia e mesmo tamén na destrución de emprego –falo en termos de media–, pero o máis grave é que o último trimestre da EPA está sinalando elementos que dende logo poñen en cuestión as políticas que practica o Partido Popular, que son políticas baseadas substancialmente na demolición, na destrución de emprego, no exilio económico dos mozos e mozas do noso país, na preca-

rización absoluta do escaso traballo que temos, na desaparición do emprego industrial e, sobre todo, na consolidación dun modelo baseado na pobreza. E voules dar un dato que reflicte exactamente o cuarto trimestre da EPA, e é que nos está a dicir que exactamente 177.543 persoas asalariadas en Galicia, o 18,3 % do total, perciben –fíxense– ao ano a cantidade de 1.872 euros, isto é, a cantidade de 170 euros brutos ao mes. Supoñemos que este é o modelo de creación de emprego, o modelo social que rubrica e defende o Partido Popular. Isto é o que está dicindo a EPA no último trimestre.

Pero é que tamén son tremendos os datos que sinala a propia EPA, que sitúa os parados e paradas en Galicia por enriba das 263.000 persoas, pero tamén sinala un dato terriblemente negativo en relación coas medias estatais, que é que perdemos nada máis e nada menos que 20.000 persoas activas menos. Supoño que para o Partido Popular pois isto é estupendo e seguirán contándonos ese relato falso de que están creando emprego, e ademais, como dixo a señora Fátima Báñez, “están creando emprego de calidade”.

Certamente, claro que o argumentario do Partido Popular é tremendo, non só o que di a señora Fátima Báñez, senón poderíamos citar, por exemplo, esa magna explicación que nos deu a vicepresidenta do Goberno, dicindo que respecto dos datos do CIS pois efectivamente o único que sucede é que o CIS é unha enquisa presencial e vaise facer esa enquisa pola mañá, que é cando están os parados e as paradas nas casas. Claro, isto é o que nunca tiñamos escoitado ata o día de hoxe.

Por tanto, lamentable desmentir o relato que constrúe...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...–remato xa– o Partido Popular.

E unha última cuestión, señora presidenta, respecto dos carburantes. Efectivamente, os prezos máis elevados de todo o conxunto do Estado, con refinería propia, quedándonos cos efectos ambientais na cidade da Coruña, pero un elemento substancial respecto do que ten que ver cos transportistas, que exiximos que sexan recibidos como están instando, pero citar que efectivamente tan só o 2 % dos que reclamaron o céntimo sanitario foron devoltos, e queda no día de hoxe o 80 % sen devolver.

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: E finalmente –e remato– respecto do paquete lácteo e do que está a pasar co prezo do leite, novamente vendendo por debaixo da produción, que nos diga por favor que é o que ten pensado facer a conselleira no noso país, porque non temos escoitado absolutamente nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, estamos celebrando unha Deputación Permanente. Como seguro que as súas señorías saben, a Deputación Permanente é un órgano previsto na Constitución de practicamente todos os países democráticos, países de democracia representativa parlamentaria, para velar polos poderes do Pleno da Cámara, do conxunto da Cámara, nos períodos non ordinarios, que son os que hai entre períodos de sesións ou cando hai convocatoria de eleccións. Polo tanto, a Deputación Permanente non está nin para exercer o control, non fai preguntas, aquí non está o Goberno para que conteste, nin interpela o Goberno, aínda que é certo que incluso a doutrina reconece que habitualmente é utilizado pola oposición como un medio para publicitar determinadas iniciativas e determinadas preocupacións. Nós, polo tanto, abordamos este debate como o que é, como un debate para ver se é conveniente ou non no período non ordinario convocar un pleno, neste caso catro plenos, que é o que pide o Partido Socialista, sobre distintas cuestións.

Eu quixera precisar que isto evidentemente non implica que esteamos de vacacións –eu polo menos creo que o Grupo Popular non o está–, nin que o estea o Goberno en relación coas funcións de control. A min gustárame recordarlle ao señor portavoz socialista que non son corenta días os que leva o Goberno sen comparecer nesta Cámara. O día 30 de decembro –ao mellor vostede non se enterou, non sei por que– compareceron nesta Cámara o director xeral de Xustiza e o director xeral de Administración Local, e poucos días antes o secretario xeral técnico de Educación, o de Cultura e o de Política Lingüística, así como os directores xerais de Producción Agropecuaria e Conservación da Natureza. O que nos dá aproximadamente a metade do tempo que vostede dixo que o Goberno leva sen vir a esta Cámara.

Tamén dixo que o presidente ten noxo por vir a esta Cámara, o cal aínda resulta máis sorprendente cando mañá vai vir. Vai vir, por certo, para un tema que agora deixa de ter interese, pero do que vostedes pediron sete convocatorias, en temas relacionados coas cuestións que vai abordar mañá o presidente. E ademais faino polo modelo que vostedes mesmos pediron e que é o mesmo modelo que se pide agora. Probablemente, non sei se ao final se acepta algunha destas peticións de comparecencias nun pleno extraordinario, igual tamén non lles gusta porque non poden presentar propostas de resolución.

En todo caso, esta Deputación Permanente foi convocada no prazo habitual. A media na época en que gobernaban os grupos da oposición era de once días, e o Bloque e AGE presentaron unha petición xusto hai once días de Deputación Permanente. Polo tanto, estamos nos prazos habituais.

Loxicamente, eu non vou entrar no fondo dos asuntos porque –insisto– en que este non é o momento do debate, si quixera facer algunhas precisións. Ben, chama a atención que queiran convocar un pleno extraordinario no momento precisamente en que o emprego se está a recuperar; nun momento en que hai máis emprego, 430.000 postos de traballo en España; menos paro, 480.000 menos; o 96 % do emprego créase no sector privado e o 4 % nas administracións públicas; e ademais hai máis estabilidade na contratación. E ao mesmo tempo estamos a crear emprego cunhas taxas de crecemento que superan as propias do PIB, cousa que non é habitual e que resulta moi salientable. E ademais nas cuestións económicas o vento sopra a favor, estamos cunhas decisións do Banco Central Europeo que van favorecer o crédito, o turismo e as exportacións; estamos nun momento en que os fondos europeos van permitir fortalecer o investimento –este ano as administracións públicas xa invisten máis que o ano anterior–; estamos a falar de que vai baixar o custo do financiamento e ademais vai haber máis renda dispoñible como consecuencia da rebaixa fiscal do Goberno. E por iso estase a crear emprego a unhas taxas importantes.

Por outra parte, a Xunta –que tampouco está de vacacións– o 8 de xaneiro aprobou un paquete de 45 millóns de euros para mellorar a formación de aproximadamente cen mil posibles candidatos, cen mil persoas; acaba de subscribir un acordo relevante de diálogo social o 14 de xaneiro

cos sindicatos e a patronal, precisamente para atender a parados de longa duración; acaba de publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria dos obradoiros de emprego 2015-2016. E todo iso lévanos a dicir que a presunción de que hai pasividade da Xunta non é certa, que as cousas están a mellorar –non así no último trimestre, cousa que é certa–, pero que nos fai pensar que somos optimistas. E, por suposto, sobre estas decisións do Goberno imos debater no período ordinario, e parece que non é con estes datos necesario e urxente convocar por ese procedemento un pleno de urxencia.

Perlas sobre a EPA témolas todos. Eu recomendaríalle ao portavoz do Bloque simplemente que olle os comentarios que se fixeron desde a súa organización da evolución da EPA nalgũa cidade galega, porque son moi semellantes ao que vostede acaba de dicir. Eu, loxicamente, non vou contribuír a ese ronsel de perlas sobre os instrumentos habituais de traballo no mundo económico.

Con relación ao sector lácteo, tampouco o que vostede di de que figura na petición se sustenta. O señor portavoz do Bloque dixo concretamente que parece que non houbo problemas de sobreprodución, esa era unha das cuestións que vostedes plantexaban. Afortunadamente non a houbo, entre outras cousas, porque a Xunta se comportou responsablemente. Unha Xunta que está tratando por todos os medios de empoderar os gandeiros creando instrumentos como pode ser o propio Observatorio Lácteo de Galicia e facendo inspeccións dos contratos. E empoderalos para que teñan unha capacidade de negociación que permita que os prezos sexan máis axeitados ao custo real de produción.

En todo caso, sobre o sector lácteo o que me chama a atención é que se pida un pleno urxente cando estes días os grupos estamos a falar co sindicato Unións Agrarias. O meu grupo reuniuse o 20 de xaneiro co sindicato Unións Agrarias e, segundo informa a prensa, con todos os demais grupos, e esta mesma semana temos pensado, está xa concertada, unha nova reunión. E o propio sindicato Unións Agrarias reclama un acordo político conxunto ante o paquete lácteo, de acordo coas informacións publicadas. Polo tanto, eu creo que parece máis razoable esperar a que culminen estas negociacións, que están, entre outros, encabezando os sindicatos agrarios como Unións Agrarias, a petición do mesmo sindicato, e non debatelo nun pleno extraordinario.

Sobre os prezos dos combustibles, eu creo que acabamos de ter un debate nos orzamentos no que quedaron claras respecto deste imposto dúas cuestións. A primeira é que a devolución se vai facer de acordo co cumprimento da sentenza europea, e claramente é algo que asume o propio Estado e que é unha competencia estatal. Polo tanto, imos esperar a ver como funciona o Estado, que é o que ten que facer a devolución. Con respecto á Xunta, despois de encargar un informe ao Consello Galego da Competencia, que deixou claro que a diferenza no está no céntimo sanitario que se aplica na práctica totalidade do Estado español, senón nos prezos que aplican as gasolineiras por unha falta de competencia, o que está levando a dar novas licenzas de apertura e a fomentar máis a competencia, eu quero recordar que no pleno da Lei de orzamentos está publicada unha exención total á devolución do cen por cento do tramo autonómico do imposto especial sobre hidrocarburos a todos os transportistas, e, por certo, non só aos transportistas, senón tamén ao sector primario. Non se aplica este tributo nin ao gasóleo de tractores, nin aos dos barcos de pesca, nin aos fogares cando se fala de gasóleo de calefacción. Polo tanto, tamén parece que é pouco urxente cando se acaba de tomar esta medida pois falar de algo no que o Goberno xa está actuando, xa tomou accións, algunhas importantes, porque isto ten un custo fiscal de aproximadamente 19 millóns de euros. Polo tanto, tampouco parece axeitado convocar por urxencia un pleno.

En relación coa cuestión sanitaria, é certo que a atención de pacientes tanto urxentes como programados en Galicia, igual que no conxunto de España, está en liñas xerais perfectamente garantida. Nesta época do ano –como todos os anos– hai unha maior intensidade nos servizos –como todos sabemos– debido aos procesos gripais, e este ano anticipouse e ademais fíxoo cunha especial virulencia porque houbo unha particular incidencia de virus de cepas AH3, que son diferentes ás que circularon en etapas anteriores. E o mesmo problema que está tendo o Servizo Galego de Saúde estano a ter outros, por exemplo, o de Asturias sen ir máis lonxe, porque a incidencia foi particularmente intensa no noroeste. O Servizo Galego de Saúde e os profesionais están facendo un grande esforzo por parte de todos para atender os pacientes coa maior normalidade posible. Agora, tamén é certo que estes picos conlevaron uns trastornos innegables que hai que traballar por corrixir e sobre os que o propio presidente pediu desculpas.

Evidentemente, a Xunta ten un compromiso firme coa sanidade. Aí está a ampliación de Urxencias no CHUAC, a construción do novo hospital público de Vigo con máis capacidade, a dotación de instrumental por contrato, entre outros, ao novo hospital de Lugo e 88 millóns aprobados no último Consello da Xunta. Do mesmo xeito, a Xunta está a traballar para garantir con criterios técnicos que todos os pacientes que teñen a hepatite C teñan acceso á medicación que precisan de acordo cun criterio de homoxeneidade e equidade de acceso aos novos antivirais, garantindo que os que cumpran os criterios clínicos, estritamente clínicos, exclusivamente clínicos, reciban esta medicación. Medicación de última xeración, por certo, que España é pioneira na súa introdución con financiamento público no contorno da Unión Europea.

Pero tamén é certo que a percepción do usuario e mesmo as percepcións que transmiten os grupos da oposición é respectable e varía en función lóxicamente dos lugares, dos momentos e dos días. E somos moi conscientes de que a percepción dos usuarios dos servizos de Urxencias poden xerar certa inquedanza. Polo tanto, nós non temos ningún inconveniente en falar en canto sexa posible da atención en Urxencias, de como garantila, de como funcionan os dispositivos de atención primaria, PAC e servizos hospitalarios. E, polo tanto, non temos ningún inconveniente en que mañá mesmo a conselleira veña a esta Cámara, aproveitando que está convocado un pleno extraordinario para comparecer o presidente, para que nos explique tanto todo o que afecta o Servizo de Xestión de Urxencias como o que afecta o tratamento aos enfermos de hepatite C. Nós non temos, polo tanto, ningún inconveniente, se vostedes consideran que esta comparecencia non pode agardar ao primeiro pleno que teñamos con carácter ordinario, en aproveitar polo procedemento que a Presidencia e a Mesa da Cámara estimen oportuno a que compareza mañá a conselleira de Sanidade nesta Cámara para falar dos servizos de Urxencias e outros tratamentos de hepatite C.

E quero dicir que con isto queda ben claro que o presidente, que comparecerá mañá, non se agocha, nin o Goberno tampouco se agocha.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: Levan vostedes unha semana dicindo que o presidente comparece para algo que vostedes pedi-

ron varias veces que comparecera, para agochar que non se quere falar de sanidade. Pois ben, nós estamos dispostos a aceptar –insisto– a petición de comparecencia da conselleira de Sanidade e a materializala no pleno convocado para mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Puy.

Rolda de peche, señor Méndez.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta, logo deste cambio de rumbo histórico que acaba de facer o grupo maioritario, loxicamente o grupo propoñente acepta esa comparecencia para o día de mañá, e ademais agradecemos que exista sensibilidade polo menos nun tema tan serio.

Señor Puy, vostede dáme pé a discutir moitos temas pero non quero arredarme dos temas que traía, só lle fago unha precisión. Este grupo no que vai de lexislatura reclamou corenta veces a comparecencia do señor presidente inutilmente, isto é o que hai. É dicir, noutros termos: aquí, segundo o grupo maioritario, débátese única e exclusivamente o que lle interese ao grupo maioritario, *verbi gratia*, o que lle interesa ao Goberno. Esta é a situación do Parlamento.

Algunhas puntualizacións, señor Puy, sobre o problema do leite. Claro que hai negociacións dende hai moitos meses, hai negociacións dende que o Goberno de Madrid aprobou un decreto malfadado trasladándoo ao paquete lácteo europeo e que non deu resultado. E dende hai seis meses hai negociacións abertas, o problema é que non hai resultados, o tempo avanza e os gandeiros necesitan un marco de futuro, sobre todo porque o prezo que están a percibir en Galicia é dos máis baixos de Europa.

Fálame vostede, señor Puy, do problema dos transportistas. Mire, os transportistas galegos están discriminados, primeiro, porque, digan o que digan vostedes, o céntimo sanitario galego é exactamente o triplo que o céntimo sanitario en Castela-León; polo tanto, xa hai unha diferenza de prezos a priori. Pero, en segundo lugar, porque vostedes rexeitaron a proposta deste grupo cando se debateu aquí de establecer un prazo de tres meses para a devolución aos transportistas, e son os transportistas galegos, precisamente porque son pequenas empresas, os máis discriminados.

E en sanidade eu só lle teño que dar un dato moi indicativo –que non o di ningún defensor do sistema público, estao a dicir a patronal do sector privado–: segundo baixa o investimento público en sanidade medra o crecemento do sector privado en España. É dicir, está actuando como vasos comunicantes, está drenando a asistencia sanitaria do sector público para que a ofrezca o sector privado en forma de máis pólizas de aseguramento privado, en forma de máis atención exclusivamente privada. E ese dato está publicado e é indiscutible.

Señorías, se nos remitimos á EPA, é que os últimos datos da EPA non é que sexan malos, é que son catro veces peores que a media estatal, cunha das peores taxas da actividade de España. En ocupados, de novo o peor dato de España e de novo con tendencia inversa á media española, e así sucesivamente. É dicir, claro que aquí hai unha situación diferencial de que todos os bos prognósticos que vostede acaba de denunciar non chegan a corrixir.

En definitiva, estamos nunha situación na que o Goberno procura dar conta o menos posible e, sobre todo, tenta actuar con opacidade. Fíxese vostede, señor Puy: o Goberno galego investiu 25 millóns de euros no ano 2014 en publicidade e propaganda, non en mellorar a atención aos doentes de gripe ou de hepatite. ¡Uns 25 millóns en publicidade e propaganda! E, claro, isto leva a considerar friamente os mortos que se teñen producido como consecuencia destas doenzas, e comentámolo como un dato estatístico, como se fora algo inevitable contra o que non podemos engadir novos medios de actuación.

Señor Puy, este grupo, que agradece –insisto– que se produza polo menos a aceptación dun dos puntos que plantexamos, si que ten que seguir lamentando que o Goberno galego teña sempre a gala un punto de autocompracencia na análise da realidade galega e, sobre todo, un menosprezo sistemático cara ás propostas da oposición, que é o que, en definitiva, explica que transcorran tantas semanas, tantos meses, catro meses practicamente ao ano, nos que o Goberno foxe da primeira obriga nun sistema democrático, que é render contas, dar explicacións e someterse ao escrutinio dos que foron elixidos precisamente para ese labor de control.

Máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Solicitud dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego dunha reunión urgente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar da situación de colapso nos servizos de Urgencias dos centros hospitalarios públicos de Galicia e das medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Pasamos a debater o segundo punto, que son as solicitudes de convocatoria dun pleno extraordinario por parte dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego para a comparecencia do presidente da Xunta.

Comezamos coa rolda dos grupos proponentes con tempo a repartir.

Ten a palabra, en primeiro lugar, o representante do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Os grupos de AGE e do BNG solicitamos a comparecencia do presidente da Xunta para informar do colapso dos servizos de Urgencias e das medidas a adoptar.

Por tanto, a diferenza do Grupo Socialista, solicitamos que compareza o presidente e non a conselleira. E por ese motivo mantemos esta solicitude para debate e para votación, porque ademais cremos que simplificamos o traballo. Vai comparecer mañá o señor Feijóo para falar, bueno, para informar das medidas de impulso democrático –nós entendiamos que era para explicar os escándalos de corrupción– e, de paso, que explique tamén o colapso rexistrado nas Urgencias sanitarias. E consideramos que debe de comparecer o presidente da Xunta por dous motivos:

Primeiro, porque a situación foi tan escandalosa que cremos que se deben de dar explicacións ao máximo nivel. Á fin de contas, a señora Rocío Mosquera é conselleira por decisión do señor Feijóo, e o señor Feijóo decidiu mantela pese a todo o que ten chovido. E ademais o señor Feijóo

sempre fixo bandeira da súa presunta boa xestión en materia sanitaria, aínda que os beneficiarios desa presunta boa xestión sexan as empresas privadas, que vampirizan a sanidade pública, e non sexan precisamente os usuarios, que teñen que sufrir situacións vergoñentas como as que se deron nestes meses de decembro e xaneiro.

E a segunda razón é que non abonda con pedir desculpas. En política hai que dar explicacións e asumir responsabilidades, máxime cando esas desculpas non son sinceras, máxime cando antes de pedir esas mornas desculpas o que fixo o Goberno galego, coma sempre, foi botar a outros as culpas. A culpa foi da gripe por adiantarse tres semanas, e ademais sen avisar, ¡hai que ser maleducada! A culpa foi dos doentes por non se vacinaren ou por acudir en ás Urgencias sen necesidade, ¡hai que ser indisciplinados! Mesmo a conselleira insultou a dignidade dos doentes dicindo que todo funcionou de marabilla, que só houbo un problema de confort.

Para a conselleira –cito textualmente–: “A calidade asistencial recibida polos doentes nos servizos de Urgencias foi altísima, non faltou nada do necesario para atender os doentes”. En definitiva, para a señora conselleira, que as salas de espera estivesen amoreadas, os corredores cheos de doentes en padiolas, en cadeiras ou de pé, que os doentes tivesen que esperar seis horas para ser atendidos ou quince para subir á planta, que mesmo tivesen que esperar horas para ser ingresados nos boxes de Urgencias ou que algúns fosen ingresados en plantas inadecuadas onde se mesturan patoloxías, que os facultativos tivesen que atendelos nos corredores, que os doentes visen vulnerados os máis elementais dereitos á dignidade e á intimidade, para a señora conselleira –insisto– todo isto redúcese a un problema de confort.

Que os profesionais tivesen que desenvolver a súa actividade nunhas condicións de sobrecarga, de presión e de estrés inaceptábeis, condicións que aumentan o risco de cometer erros, significa para a señora conselleira unha calidade asistencial altísima. E, por suposto, a señora conselleira nega que esta situación teña nada que ver cos recortes.

Que na data de hoxe se manteñan pechadas preto de trescentas camas, que haxa tamén un número importante de camas bloqueadas, que as taxas de reposición non cubran as necesidades de persoal, que os propios médicos denuncien que até haxa escaseza de material básico como apósitos ou

máscaras nebulizadoras, por suposto, todo isto non ten nada que ver cos recortes nin ten nada que ver coa situación de colapso, de crise vivida nas Urgencias.

Reiteramos, por tanto, a solicitude de que compareza o presidente da Xunta para dar explicacións e, tendo en conta as razóns de ordenación máis racional do pleno de mañá que acabo de dar, estamos convencidos de que o Grupo Popular tamén votará a favor desta solicitude.

Moitas grazas e, pola miña banda, máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra por Alternativa Galega de Esquerda a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, dou por reproducida toda a formulación que fixo agora o señor Jorquera, sobre todo porque, toda vez que estamos diante dunha problemática estrutural do noso país, sería conveniente que o señor presidente da Xunta de Galicia, como máximo responsable, explicitara que é o que está pasando no Sistema sanitario galego. Pois o que vimos xustamente nesta tempada de arranque de inverno é xustamente como foi colapsado, como se puxo realmente en xaque o propio Sistema sanitario galego por mor dun adianto, señor Santalices, nada máis e nada menos que dunha gripe. É dicir, realmente o que se materializou nestes días é o fracaso da política sanitaria da Xunta de Galicia. Fracaso que xa vén de lonxe e que trae causa na política de recortes de persoal, na política de recortes de material, na política de privatizacións e na política de peche de camas en todos e cada un dos hospitais da rede sanitaria galega.

Sería conveniente, e supoño que xa vai exercer de voceiro o señor Santalices, que o Partido Popular pida ou exercera agora mesmo o mesmo que pedía o señor Santalices cando gobernaba o bipartito. E é que sería conveniente que os cidadáns e as cidadás deste país souberamos con absoluta transparencia cal é a lista de espera real que temos no noso país, aquilo que pedía o señor Santalices pois que hoxe fora consumado. É dicir, que calquera cidadán ou calquera cidadá galega na páxina web do Sergas puidera saber exactamente cal é a situación real das listas de espera, que é o

segredo mellor gardado. Non somos capaces de comprender ou de acadar, aínda que o sabemos, cal é o alcance real do mesmo, e é o duplo do que realmente está sinalando o Goberno do Partido Popular.

Pero si dar algúns datos, señor Santalices. Mire, o problema que vivimos neste Nadal e neste inverno son xustamente esas variacións da política de recortes do Partido Popular, variacións que son extremas. ¿En que? En persoal temos máis de dous mil profesionais que saen fóra da rede sanitaria; temos xubilacións forzosas inexplicables en facultativos e facultativas do noso país. Nas medias estatais, tanto que presumen na camiseta de que xestionan moi ben, efectivamente, xa temos o ránking, o terceiro igual que en privatizacións, por abaixo na cola, de peche de camas no conxunto da media estatal; exactamente a media do Estado atópase no -2,9 %, e Galicia está -insisto- no terceiro posto por abaixo, no -4,9 %. Temos tamén, señor Santalices, unha perda orzamentaria que é ideolóxica, un recorte orzamentario dende que gobernan vostedes de preto de 500 millóns de euros nada máis e nada menos que en sanidade. E temos, efectivamente, uns gastos de persoal que non se acomodan ás medias do Estado.

Pero si algunhas reflexións sobre o modelo que están construíndo. Aquí falaba antes o señor voceiro do Partido Popular, o señor Puy, por exemplo, do CHUAC. Efectivamente, é un bo exemplo o CHUAC. Temos unhas magníficas instalacións de Urgencias que pasaron de ter 400 metros cadrados a ter 4.000 metros cadrados e, efectivamente, cunha política de recortes que fai absolutamente imposible non só atender as urxencias sanitarias, senón que ademais vén da man dese peche sistemático do Abente Lago, por exemplo, na cidade da Coruña.

Pero poderíamos ir relatando centro sanitario a centro sanitario para ver, por exemplo, que no Hospital Naval de Ferrol a segunda planta segue exactamente pechada, igual que dende o día menos un que foi inaugurada. Sacou a foto a conselleira para ao día seguinte pechar esa planta rapidamente.

Pero poderíamos -insisto- ir no resto dos centros ou poderíamos, por exemplo, ver a grave desigualdade que hai no noso país en atención á área sanitaria na que un viva. Por exemplo, un cidadán ou unha cidadá que viva no sur de Galicia ou na comarca da Coruña ten unha prestación sanitaria

de peor calidade que noutros lugares. E falo porque as medias de atención sanitaria en Vigo e arredores son... –Si, señor Santalices, eu teño os datos tamén por profesionais igual ca vostede– ...disparadas nas medidas do conxunto de Galicia. Pero, por exemplo, é indecente que manteñan o convenio de Povisa, cando Povisa está nunha media de lista de espera de 183 días, e vostedes a pesar de todo o que está pasando premian a Povisa para seguir conveniando con ela.

E non soamente iso, é que nos gustaría saber por que vostedes seguen de maneira contumaz recortando, e non só recortando, e por que non poñemos o sistema sanitario a pleno rendemento: que o sistema sanitario traballe durante vinte e catro horas ao día, isto é, que as consultas, que as probas de todo tipo radiolóxicas, que os quirófanos e demais traballen todo o día como, por exemplo, se facía no bipartito. É dicir, ¿por que razón non podemos estar operando a persoas, a seres humanos que o precisan polas tardes ou noutros horarios como vostedes se empeñan en non facer xustamente pola política de aforro de gastos? Iso si, derivando á privada, porque efectivamente o que fixo sen lugar a dúbidas ou o que pretende facer a Lei de prestacións de garantías sanitarias é xustamente que os seus amigos, os das portas xiratorias, teñan grosos beneficios na rede privada.

Por tanto,...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...–e remato xa– o que temos é un colapso de Urxencias xustamente que evidencia a política de recortes e de ataque á sanidade pública do Partido Popular.

E remato como empezou o señor Jorquera: cremos que son razóns máis que dabondo para mantermos a nosa petición e, dende logo, que sexa o señor presidente da Xunta de Galicia mañá –non temos inconveniente– o que dea cumprida resposta a todo o que está pasando na sanidade pública de Galicia.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, pola miña parte apoiar a petición da comparecencia do presidente para falar de sanidade e do colapso das Urxencias. Porque todo isto, todo o que está ocorrendo, incluído o colapso das Urxencias, non é culpa da gripe, é culpa da política sanitaria do Partido Popular, que leva todos estes anos marcando a pauta para chegar onde estamos chegando. Díxeno máis dunha vez tanto na Comisión de Sanidade como no Pleno: os recortes en atención primaria levan a que toda a cadea sanitaria se deteriore. Unha mala atención primaria lévanos a un colapso de Urxencias e lévanos a un colapso hospitalario; leva a que enfermidades que se podían tratar nun principio se compliquen e ao final acaben en mans de especialistas e, polo tanto, encarecendo a sanidade.

Polo tanto, eses recortes introducidos e esa política privatizadora deterioran conscientemente, e non é unha cuestión de custo, pois gastan máis en deteriorar a sanidade pública porque realmente o que queren é privatizar a sanidade pública. Polo tanto, esa é a súa política. Non é casual nin é unha cuestión de gripes nin de nada, é unha cuestión de ir establecendo o camiño para que eses problemas se dean, para que se dea a deterioración e os propios pacientes teñan que ir a outro hospital porque a sanidade pública está desmantelada.

Desde as taxas de reposición, que deixaron os hospitais sen persoal, estes están en servizos mínimos permanentes, e despois temos evidentemente folgas como no Meixoeiro ou como no Hospital do Barco, onde o médico dicía: “Non podemos estar un médico só de Urxencias porque non damos”. E eses son os recortes e iso é o que realmente pasa. Pero vostedes non se quedan aí e xa anuncian que van seguir empeorando a sanidade. E aí nos vén a Lei de mutuas, todo a privatizar e unha sanidade pública de pena.

Pero é que ademais tamén inflúe toda a política económica, pois temos unha poboación no ano 2014 e agora no 2015 peor alimentada, que vive en peores condicións ambientais nos seus fogares e, polo tanto, máis exposta a coller infeccións porque está inmunoloxicamente máis deprimida. Polo tanto, toda a súa política leva a este tipo de situación.

Pero é que ademais vostedes o aproveitan para que ese pouquiño persoal que deixaron traballando na sanidade pública, despois de catro anos de non substituír practica-

mente o persoal, traballe nunhas condicións de explotación escravistas. Son vostedes os reis da explotación laboral con eses contratos vía *pool* dun día, dous días, tres días, cinco como máximo, que se encadean un con outro e que non teñen dereito nin a descanso semanal nin a indemnización por despedimento. Iso é roubarlle á xente traballadora, e vostedes estánlle roubando á xente traballadora establecendo unhas condicións que ningún ou case ningún, só os máis explotadores, dos empresarios privados se atreven a impoñer, mentres que a Xunta impón esas condicións.

Polo tanto, sumámonos porque hai que dar explicación de todo isto, pero tamén hai que dar explicación de se se fai ou non se está facendo por parte do Sergas un seguimento desas persoas que teñen que abandonar os seus tratamentos farmacolóxicos por non poder asumilos. Pero tamén sobre eses recortes na prestación de rehabilitación, que todo se manda á privada, porque unha persoa despois dunha intervención cirúrxica se ten que facer unha rehabilitación inmediata no Sergas tardan meses, e iso deteriora e complica a rehabilitación das persoas.

Polo tanto, sumámonos a esta iniciativa. E a min gustárame tamén que nesa iniciativa, por exemplo, o Partido Popular dera explicacións de por que en Vigo nace un hospital privado pequeno, por que a poboación de Vigo vai quedar atendida por dous hospitais privados e por que mentres o hospital privado público de Vigo, que debería de ser público, nace pequeno, a Povisa se lle dá autorización para ampliar camas e despedir sen embargo traballadores, porque o concerto non lle aporta os pacientes. É dicir, isto é corrupción dentro da sanidade e non ten outra palabra.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

Soamente un inciso, eu pediríalle que empezáramos este novo período con cordialidade e aquí ninguén rouba a ninguén, aquí somos deputados e deputadas que estamos a traballar, e a min gustárame que se utilizaran expresións coas que todos poidamos entender que hai unha cordialidade, e creo que o de “roubar” sobra nesta Deputación Permanente.

Señora Gallego, ten vostede a palabra.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

En primeiro lugar, quixera agradecerlles aos demais grupos da oposición o seu posicionamento favorable ás cuestións que tratamos no punto anterior, porque o meu portavoz na alegría inesperada da aprobación da comparecencia da conselleira de Sanidade esqueceuse de facelo e quixera facelo eu no seu nome. E a continuación dicir neste mesmo senso que dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar a petición que fan AGE e o BNG da comparecencia do presidente da Xunta para explicar o caos sanitario, correspondendo tamén ao seu apoio ás peticións que fixo o Grupo Parlamentario Socialista no punto anterior.

E quixera empezar por dicir que esta aceptación por parte do Grupo Popular da comparecencia da conselleira de Sanidade no pleno de mañá vén, evidentemente, arrastrada pola presión política que dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos exercendo durante todo este mes de xaneiro a pesar de que o Partido Popular impediu que se celebraran sesións neste Parlamento para poder tratar os problemas que afectan a cidadanía. Presión política que tamén é certo que foi exercida polos demais grupos da oposición e presión e denuncia que tamén foron exercidas polos profesionais da sanidade, que estiveron en todo momento denunciando a situación de colapso e de caos sanitario que se produciu, que se está producindo nestes meses de inverno en Galicia, na sanidade galega.

E quixera poñer de manifesto dúas cousas: a primeira, a entrega, a profesionalidade e o voluntarismo do persoal sanitario que traballa na sanidade pública de Galicia, que con esa entrega, con esa profesionalidade e con ese voluntarismo supliu en moitos casos as carencias da xestión política da sanidade do Goberno de Galicia; e tamén o comportamento exemplar e a paciencia dos doentes, das persoas doentes que se achegaron aos servizos de Urgencia colapsados, que estiveron días esperando nunhas condicións absolutamente infrahumanas, que nada teñen que ver coa ausencia de confort da que falaba a señora conselleira de Sanidade. E, dende logo, non se reparan esas situacións co perdón do señor presidente Feijóo, repáranse esas situacións con explicacións, con asunción de responsabilidades políticas que agardamos

que se dean no día de mañá por parte da conselleira e mudando a política sanitaria de Galicia.

Porque, miren, señores do Partido Popular, esta situación de colapso e de caos sanitario non se dá nin porque haxa unha gripe, que a hai todos os invernos, nin porque as persoas doentes sexan irresponsables e non se vacinen –por certo, vostedes teñen recortado á metade o orzamento para vacinas–, nin porque os profesionais sanitarios se vaian de vacacións. Esas non son as razóns deste colapso e este caos sanitario. As razóns deste colapso e deste caos sanitario que se produce nun momento no que un pequeno problema fai evidenciar a realidade son as da política de recortes que viu facendo o Goberno Feijóo, o presidente Feijóo desde que chegou á Xunta. As razóns evidéncianse nas 4.000 prazas que quedaron vacantes nos últimos anos, con xubilacións forzosas e masivas aos 65 anos; en non incorporar a ninguén con praza en propiedade a través dunha oferta pública de emprego no sistema sanitario público; a ter unicamente unha taxa de reposición do 3 %, contratando unha persoa por cada 28 que se xubilan; a que hai profesionais que chegan a acumular ata vinte e seis contratos nun só mes para unha mesma persoa, nunha práctica que resulta inasumible para calquera e que fai imposible a prestación dun servizo de calidade; a que case a metade dos médicos especialistas carezan de praza fixa, e que leven seis anos encadeando contratos, cunha media de catro contratos nos últimos anos; a que rexeiten vostedes todas e cada unha das solicitudes de prórroga dos médicos que acadan os 65 anos, negándose ao mesmo tempo a repoñer os novos médicos para substituír os xubilados; a que na actualidade o Sergas estea a contratar tan só un médico por cada 26 que se xubilan, retornando a sanidade pública á situación que viviamos nos anos setenta e principios dos oitenta; ao sistemático peche de plantas e camas hospitalarias en todos os servizos de Urgencias de Galicia; e á falla de recursos, que fai que moitas veces os servizos de Urgencias sexan utilizados para almacenaxe de doentes.

Falaba o señor portavoz do Grupo Popular da ampliación do CHUAC. Pois o CHUAC, como tamén evidenciaba a señora portavoz de AGE, é o exemplo paradigmático. Un hospital universitario que se acaba de reformar e que ten tal falla de persoal e de espazo no resto do centro que fai que se traballe en termos empregados polo propio persoal deste centro como un “hospital de campaña”. Pero non só é o

CHUAC, é o CHUAC, é O Meixoeiro, é o hospital de Ourense, onde se están dando altas temerarias forzadas pola xerencia do hospital –por certo, familia do señor Feijóo–, e a situación en cada un dos centros sanitarios de Galicia é absolutamente caótica –insisto–. E as consecuencias deste caos e deste colapso vanse sufrir no tempo, sófrense por parte dos profesionais sanitarios, que cada vez están máis desmotivados para facer o seu traballo, e sófrense, dende logo, por parte dos doentes, que cada vez teñen unha atención con menos calidade.

Estas decisións políticas adoptadas nos últimos anos, co recorte orzamentario, co recorte de persoal, coa non reposición das xubilacións, coa non substitución cando hai baixas por enfermidade ou cando hai vacacións, son as que levan a que unha simple gripe provoque tal caos no país. Por iso, mañá esperamos da conselleira de Sanidade que dea explicacións e que asuma as súas responsabilidades. Non é a primeira vez que dende o Grupo Parlamentario Socialista pedimos que a conselleira de Sanidade deixe de selo. Esperamos que o presidente da Xunta exerza como presidente da Xunta, retire a quen non está a facer ben o seu traballo e empece a desenvolver outra política sanitaria no que lle queda de lexislatura para evitar que situacións como a deste inverno se volvan producir. Porque namentres non se repoña o persoal sanitario que falta a sanidade pública non se poderá prestar nas condicións de confort e de calidade que a cidadanía exige hoxe.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Eu penso que acabamos de acadar xa a celebración dun pleno para que compareza a conselleira de Sanidade. Fíxeronlles a vostedes esta proposta, e vostede como portavoz xa aceptou esta proposta para falar de Urgencias hospitalarias e de hepatite. Polo tanto, estamos ante unha comparecencia un pouco máis profunda que soamente falar de Urgencias hos-

pitalarias; as dúas cousas lle preocupan á poboación. E eu pensei que xa non se debatería este punto, xa que está aprobada a comparecencia do Goberno, e case huelga que debatamos este punto. Bueno, pero se do que se trata é de que sigamos falando, pois podemos seguir falando.

Vai comparecer o presidente, e entendo eu que para comparecer e falar de sanidade creo que é máis adecuado que compareza a conselleira de Sanidade. Eu xa sei que o presidente da Xunta de sanidade sabe moito, moitísimo, pero eu entendo que a conselleira de Sanidade está máis ao día no tema este e, polo tanto, creo que é máis interesante que compareza a conselleira de Sanidade.

E eu agora estaba repasando, e eu non recordo etapas anteriores similares a estas. Estiven pensando, facendo memoria, e, señor Méndez Romeu, o cambio histórico prodúcese, porque é a primeira vez que se aproban as celebracións da Deputación Permanente, apróbanse co PP. En toda a historia deste Parlamento, incluída a UCD, nunca se autorizou unha Deputación Permanente, (*Murmurios.*) un pleno, perdón, un pleno. Entenderon ben, vostedes entenderon ben, pero a tanguila non lles gustou, (*Risos.*) a tanguila non lles gustou. Repito: é a primeira vez na historia deste Parlamento que na Deputación se aproba un pleno, apróbase co Goberno Feijóo; apróbase un pleno a través da Deputación Permanente. Algo haberá que dicir, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*), non, digo eu que algo haberá que dicir. Porque peticións cónstame que houbo, ¡eh!, pero rexeitáronse. Si, repasei este tema porque non quería eu que un asunto deste puidera ser aquí dito mal dito, e repaseino. Só houbo dúas ocasións en que se autorizaron a través da Deputación Permanente a celebración de pleno extraordinario: o do financiamento autonómico e este que acabamos de aprobar —repasen as hemerotecas—, na historia do Parlamento.

Polo tanto, pensei que agora non debateríamos este punto, pero, bueno, se hai que debatelo pois hai que debatelo. E eu tampouco dubido que vostedes, representantes de AGE e representantes do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, teñen interese en falar das Urxencias sanitarias. ¿Como vou dubidar eu isto? Claro que si, eu estou absolutamente convencido. Pero tamén estou convencido de que teñen máis interese en facer cuestión mediática; non podía pasar esta man sen un puntinho seu, porque o tema dos espazos agora e o protagonismo nos

espazos é un pouco perigoso. Pero creo que teñen unha percepción errónea, e esta é unha modesta opinión miña, se pensan que, unha vez autorizado o pleno para que se fale do tema de sanidade, iso pode mermar as súas rendibilidades políticas. Todo ao contrario, non ten por que mermalas, o que imos é debater no pleno, e aí é onde pode ser interesante o que se poida acordar.

Xa o dixo o noso portavoz: o importante era falar das Urxencias e falar da hepatitis, e diso imos falar. ¿Por que? Porque é unha inquedanza que ten a poboación. Isto é certo, hai unha inquedanza na poboación e, polo tanto, eu creo que este tema debemos de debatelo. Pero tamén poderíamos pensar noutra cousa, que eu non quero pensala, e é que vostedes o que teñen é un interese, aínda que sexa que con este punto se se segue falando máis, de facer un pouco de desgaste ao Goberno, pero non creo que esta sexa a cuestión.

Polo tanto, aprobado o pleno extraordinario sobre Urxencias, debemos matizar varias cousas:

A Deputación Permanente non pode contrastar a información co Goberno. Neste caso a Deputación Permanente non pode, a Deputación Permanente o único que fai é poder autorizar a celebración dun pleno.

A Deputación Permanente non pode aprobar medidas en relación coas Urxencias, non. Iso faise, poderá facerse no pleno que imos celebrar. E eu creo que xa o dixo tamén o noso portavoz: vostedes andan coa teima de que a conselleira vén arrastrada aquí comparecer ao pleno. Non, eu penso que a conselleira vén normalmente e ademais, se me apuran, ata encantada de vir a este pleno, porque, entre outras cousas, tamén é a súa obrigación.

Pero —insisto— non é na Deputación Permanente onde se poden aprobar medidas en relación coas Urxencias. Polo tanto, podemos e deberíamos de falar no pleno de cousas relacionadas con algo do que aquí se atopou, e eu creo que isto será en sesión do Pleno, pero non aquí.

Tocaron vostedes aquí moitas cousas que poden ser interesantes. Claro que é interesante que falemos dos puntos de atención continuada, ¿como non vai ser interesante? Falaremos, pero no pleno.

Eu creo que é interesante que falemos da atención domiciliaria. Aquí todo o mundo está falando das Urgencias, pero ninguén fala das atencións domiciliarias, que teñen o seu compoñente urxente, que tamén o fan os médicos de primaria. Diso haberá que falar, da atención integrada.

Hai que falar do transporte sanitario, ninguén fala do 061, ninguén fala, e diso imos ter que falar, que tamén pres- tan atención urxente.

E hai que falar indubidablemente dos servizos de Urxen- cias hospitalarias, pero habemos de falar con coñecemento e para iso hai que escoitar primeiro a conselleira. E pódese falar cun debate contundente, pero ha de ser un debate pru- dente; non está rifada a contundencia coa prudencia.

E neste senso eu creo que é bo que falemos de frecuen- tación hospitalaria, ¿como está nun momento?, ¿como está noutro momento?, ¿por que son a súas causas?, ¿que por- centaxe de ingresos se producen nas Urgencias?, ¿canta xente vai e canta xente desa que vai a Urgencias xera ingre- so? Son datos moi importantes.

É bo que falemos da atención dos PAC; existen puntos de atención continuada, pero tamén existen os puntos de alta resolución onde se poden arreglar determinadas situacións.

Habemos de falar dos recursos humanos dedicados. Aquí estase falando moito de recortes, pero imos analizar cales son os recursos humanos que temos dedicados á atención hospitalaria e á atención primaria.

Saíu moito nestes debates a suspensión da programación cirúrxica, e é bo que falemos da ecuación programación cirúrxica dividida por presión de Urgencias. ¿Que fai un hospital cando Urgencias está presionando e hai xente que está programada para unha intervención cirúrxica? ¿Cal é a prioridade que ten o hospital nese momento? Será hospitali- zar os que están abaixo. ¿Por que se alarma tanto a xente se se suspende nun momento determinado a actividade cirúrxi- ca e nos casos que non son urxentes se lle di ao usuario: podemos aprazar a súa intervención para que poida ingresar un paciente que está en Urgencias e que necesita cama? Eu fixeno así de veces, así de veces. Agora vostedes preguntan- me: ¿isto pode repercutir un pouco sobre a lista de espera? Certo, por suposto. Pero ¿que é o que temos que garantir? ¿E

quérenme dicir que isto só sucede agora? Desde a historia do Servizo Galego de Saúde e desde a historia do Sistema nacional de saúde hai aspectos puntuais que se producen nos momentos puntuais, en todos os hospitais de España. Non quero falar hoxe de Cataluña, pero podía poñer aquí exem- plos de Cataluña, que entón si que saberían vostedes o que é a presión de Urgencias; aí non falan de tempos de espera máxima, aí falan de pechar hospitais, e esa é outra historia.

Pero entón disto debemos falar. Eu non sei se isto é alar- mismo, non deberíamos, pero dalgunhas expresións que aí saen... E tamén é bo que falemos diso, claro porque para iso está o Pleno.

Habemos de falar da triaxe. Aquí a xente empezou a falar da triaxe, ¿é boa a triaxe que temos ou é mala?, ¿existe outra mellor? Claro, pois se existe outra mellor, proposta á Con- sellería de Sanidade para que a implanten. Pero, primeiro, temos que saber en que consiste realmente a triaxe e como se está aplicando.

Habemos de falar das camas hospitalarias. ¿É un problema de camas hospitalarias o que ten o Servizo Galego de Saúde ou é un problema que ten que ver coa xestión de camas como con- secuencia da presión de Urgencias que nun momento determi- nado se pode producir? Isto é o que hai que analizar.

Entón, eu creo que aquí se dixeron agora cousas que a min me deixan un pouco asustado: traballo continuado, que os hospitais non paren, que os hospitais non paren. Bueno, pois a ver se o señor que acaba de gañar as eleccións en Gre- cia o pode implantar. Salvo que esteamos falando do que aquí pasou noutras etapas, e non quero mencionar nada, onde o Consello de Contas nos di: ¡ollo!, os plans de auto- concertación e o coñecido como peonadas que se fagan con criterios racionais, e pegan un bandazo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...á xestión nese momento que pon temblando a sostibilidade do Sistema galego de saúde.

Claro, destas cousas creo que debemos de falar, e como dixen antes debemos de falar tamén da actitude política con respecto á atención sanitaria, actitude política e isto é en xeral.

Polo tanto, penso que aprobado o pleno onde vai comparecer a conselleira de Sanidade, para falar non só das Urgencias hospitalarias, ademais ten tempo ilimitado, (*Murmurios.*) e para falar tamén da hepatite C,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...Si, si, ela ten tempo ilimitado para darnos información e que nós teñamos unha boa información para poder despois contrastala.

Eu creo que non procede e, polo tanto, non imos autorizar a comparecencia do presidente que vostedes pedían para falar das Urgencias.

Nada máis, señora presidenta, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de peche. Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Si, señora presidenta, moi brevemente para replicar algunhas cuestións.

En primeiro lugar, fágolle unha petición ao señor Santalices, dado que lembra que practicamente en ningunha ocasión se aprobou en Deputación Permanente a convocatoria de pleno extraordinario que reconten en toda a historia do Parlamento galego as lexislaturas onde nese Parlamento había unha maioría absoluta do Partido Popular, porque vostedes sempre falan como se tiveran maioría absoluta neste Parlamento desde hai dous meses e en todo o período anterior gobernasen outros. Esa é unha primeira petición.

Segunda petición, o señor Santalices pouco menos que nos acusa aquí de vir facer política. ¡Oia!, esta é unha institución política, vostede é un político, pero vir aquí facer política non significa que non esteamos trasladando cuestións que teñan que ver coas demandas, cos intereses dos cidadáns. Vostede leva as cuestións sanitarias no Grupo Popular, ¿falou cos profesionais?, ¿falou cos enfermos?, ¿falou cos usuarios para ver a indignación que teñen polo que están sufrindo na sanidade?

Eu fágolle unha petición, señor Santalices: que non nos diga xa o que temos que dicir mañá no debate, que non nos

marque os límites dese debate, que non nos diga o que é prudente e o que é imprudente, porque para min é unha imprudencia temeraria seguir afirmando que os recortes non teñen nada que ver con esta situación, e para min é unha imprudencia temeraria dicir que no colapso das Urgencias os doentes, os usuarios, o único que sufriron foi un problema de confort. Polo tanto, non nos dite vostede o que temos que dicir e non nos marque os límites do debate.

Por último, ben, por último non, que aínda vou dicir dúas cousas máis:

Unha aclaración, señor Santalices, porque vostede censura que cando xa está aprobada a comparecencia da conselleira de Sanidade nós sigamos aquí dando argumentos. ¡Oia!, mire, non está aprobada aínda, aínda non se votou, hai unha orde do día, hai unha serie de solicitudes, hai unha solicitude formada polos grupos de AGE e do BNG, na que pedimos a comparecencia do señor presidente. Polo tanto, respecte vostede o noso dereito a defendermos a nosa solicitude de comparecencia, porque a Deputación Permanente non toma acordos ata que as cuestións se debaten e se votan.

E explicamos por que entendiamos que debía de comparecer o presidente. E dado que vostede manexa tanto a ironía e di: si, si, si, non se escandalicen, entenderon ben. Claro que entendín ben, señor Santalices, entendín moi ben. Vostede di que é mellor que compareza a conselleira de Sanidade porque a conselleira de Sanidade está moito máis posta ao día nos asuntos de sanidade. E mañá tamén vai comparecer, por tanto, o señor Feijóo porque está moito máis posto ao día nos asuntos de corrupción, é o que entendo. (*Risos.*)

Pero, ben, xa están dadas as explicacións e, polo tanto, mantemos a nosa solicitude.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra palabra por Alternativa Galega de Esquerda a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: A verdade, señor Santalices, vostede nunca defrauda, e incluso incorpora sentido de humor, o problema é que a situación que estamos relatando aquí é dramática, non é nin para frivolar nin mesmo para falar das cousas que vostede falou.

Rendibilidade política seguro que dá ben pouca, señor Santalices. O problema é que é gravísimo o que está pasando na sanidade pública e o problema é que hai persoas que poden morrer por mor da falla dunha medicación que precisan ou mesmo por unha situación que non é de confort, que é unha falta de respecto falarlles así aos cidadáns e ás cidadás, senón que mesmo están convertendo a conselleira de Sanidade na auténtica *Gallardona* galega, señor Santalices. Eu non sei se sabe vostede, supoño que fala coas plataformas de sanidade, coas asociacións de doentes, cos profesionais, pero conseguiron tamén como na xustiza, é dicir: que os profesionais, facultativos, facultativas, sanitarios e sanitarias –en xeral, moitos do Partido Popular– estean en pé de guerra. Consequiron o que ninguén conseguiu na historia democrática deste país: están en pé de guerra, non poden entender o que está facendo a Xunta de Galicia, que é recortar e atacar a sanidade pública.

E non distraia vostede, non é unha problema de triaxe, señor Santalices, ata eu sei o que é a triaxe. Non é un problema de triaxe, é que pode haber unha triaxe magnífica no CHUAC e, se despois está pechado o Abente Lago, non vale absolutamente para nada. Non distraia a atención, pois é un problema de recorte de persoal, é un problema de privatizacións, de intereses empresariais para derivar á privada, é un problema tamén de recortes e peches de cama, e é un problema tamén de colapsar o sistema sanitario. Porque algo que me dicían estes días os profesionais: “Yolanda, non te esquezas,” –diciánme– “é vital nesta situación de emerxencia colapsar o sistema, xerar alarma, demostrar que funciona mal a sanidade pública.” Claro que si, señor Santalices. E vostedes, o Partido Popular, son mestres. Saíulles mal unha parte do asunto en Madrid, que lles tombou a xustiza, a través das mareas brancas. ¡Claro que lles saíu mal! Pero, claro, non distraian que sabemos perfectamente o que está a pasar.

Eu non sei se vostede puido ler a reportaxe sobre Eugenio Leira que está en *Interviú*. Eu coñezo esta persoa, vive no barrio de Caranza, pode morrer porque lle falta este fármaco, señor Santalices. Creo que é bastante relevante do que estamos a falar, e non para falar destas cuestións que vostede nos acaba de dicir aquí: de fotos, de imaxe ou de rendibilidade política.

E é máis relevante aínda que compareza, e por iso seguimos instando a que o faga, o señor presidente da Xunta, por-

que non basta e non serve, salvo tomadura de pelo, con pedir perdón. O señor presidente da Xunta mañá ten que comparecer sobre todo para dirimir e asumir as responsabilidades políticas da nefasta xestión que se está facendo na sanidade pública, e estamos certos despois do que xa vivimos que a conselleira de Sanidade isto non o vai facer, non o vai facer...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...E, dende logo, debe de comparecer o máximo responsable deste país para render contas e para dicir que vai facer coa Consellería de Sanidade: se vai seguir recortando e se vai seguir mantendo no seu posto unha conselleira, que –insisto– se converteu na *Gallardona* da política sanitaria do noso país, pois conseguiu cabrear os do Partido Popular na medicina e o persoal sanitario en conxunto.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: Por tanto, señor Santalices, tamén nos gustaría que vostede nos dixera –e remato xa– se comparte o mesmo daquela transparencia nas listas de espera que vostede pedía cando estaba na oposición. E agradecer...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

Pasamos entón á votación. Se non hai inconveniente eu proporía a votación conxunta das tres primeiras iniciativas do Partido Socialista e por separada a cuarta, porque parece que é a que se sinala cunha votación diferente. Polo tanto, votaríamos, en primeiro lugar, a solicitude documento número 31835, a 31836 e a 31838 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do Goberno galego, para que explique a situación de crise do sector lácteo.

Votación da solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia, para explicar a ausencia de respostas ao problema do desemprego en Galicia.

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas para explicar a posición do Goberno galego diante da desvantaxe competitiva polo prezo dos combustibles en Galicia, así como as trabas para a devolución do devandito tributo aos transportistas profesionais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas solicitudes.

A señora PRESIDENTA: Votaríamos a continuación a solicitude do Grupo Socialista documento número 31837.

Solicitude, do G.P. dos Socialistas de Galicia, da celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a comparecencia urxente da Sra. conselleira de Sanidade para dar conta do colapso dos servizos de urxencia dos hospitais galegos, así como dar a coñecer as medidas que se prevén poñer en marcha para afrontar a curación das persoas enfermas da hepatitis C.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta solicitude por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Por último, votamos a solicitude compartida polo Grupo Parlamentario de AGE e do BNG, documento número 32039.

Votación da solicitude, dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar da situación de colapso nos servizos de Urxencias dos centros hospitalarios públicos de Galicia e das medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

A señora PRESIDENTA: Eu o único que teño que dicir é que, aprobada por esta Deputación Permanente a solicitude de comparecencia da conselleira de Sanidade, cómpre que eu propoña ao Pleno da Cámara mañá a alteración da orde do día para incorporar esta comparecencia tal e como foi aprobada por esta Deputación Permanente.

Nada máis, moitas grazas e bo día.

Levántase a sesión.

Remata a sesión ás doce e dezaioito minutos da mañá.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
24.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
25.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
26.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
27.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
28.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
30.- Martínez García, María Consuelo	(M)
31.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
32.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
33.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
34.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
35.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
36.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
37.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
38.- Pardo López, Carmen	(PP)
39.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
40.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
41.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
42.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
43.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
44.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
45.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
46.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
47.- Prado del Río, Paula	(PP)
48.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
51.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
52.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
53.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
54.- Rodríguez González, Román	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25